

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10973 *Real decreto 845/2011, do 17 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

A Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, culmina a reforma do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento e supón un avance fundamental na política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

A partir da entrada en vigor desta lei créase un novo instrumento, o Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en adiante, FONPRODE), dedicado exclusivamente a erradicar a pobreza, reducir as desigualdades e inequidades sociais entre persoas e comunidades, así como promover a igualdade de xénero, a defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento humano e sustentable dos países empobrecidos. A creación dun Fondo dedicado ao desenvolvemento internacional e desvinculado doutros intereses supón dar resposta a unha reivindicación histórica da sociedade española e, especialmente, das entidades sen ánimo de lucro especializadas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

O deseño do FONPRODE comporta, ademais, importantes novidades e vantaxes que van permitir unha xestión máis eficaz e coherente da axuda oficial ao desenvolvemento por parte da Administración xeral do Estado. Cabe destacar:

- A coherencia do FONPRODE coa axenda internacional de desenvolvemento, tendo en conta as recomendacións do Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE nas súas sucesivas avaliacións da Cooperación Española.
- A incorporación de novas ferramentas, como a cooperación bilateral, a axuda programática ou a cooperación financeira, alén do ámbito das microfinanzas.
- A plena integración do FONPRODE no ciclo de programación, xestión e avaliación da cooperación internacional para o desenvolvemento española.
- Acreación da Oficina do FONPRODE, no marco da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- Os avances na transparencia e rendición de contas, fronte á sociedade civil e ás Cortes Xerais.

A dotación orzamentaria do FONPRODE consignarase anualmente nas leis de orzamentos xerais do Estado, a través do orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que será desembolsada e transferida ao Instituto de Crédito Oficial (ICO), axente financeiro do Estado.

A disposición derradeira quinta da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, habilita o Goberno para aprobar, no prazo dun mes a partir da entrada en vigor da lei, o desenvolvemento regulamentario do FONPRODE, co fin de completar a regulación do Fondo en aspectos tales como a xestión do Fondo, a constitución, composición e funcións do Comité Executivo do Fondo, a estrutura orgánica e funcións da Oficina do FONPRODE, os estudos de impacto social, de xénero ou ambiental ou a información a outros departamentos da Administración xeral do Estado sobre operacións autorizadas con cargo ao Fondo.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto componse de trinta e dous artigos estruturados en cinco capítulos.

O capítulo I aborda as disposicións xerais do FONPRODE, recollendo a finalidade e a natureza do Fondo, así como os seus principios de actuación.

O capítulo II describe as operacións que se poderán financiar con cargo ao FONPRODE –doazóns de Estado a Estado, contribucións a organismos e institucións internacionais, operacións financeiras– mencionando expresamente o tipo de actuacións excluídas pola

lexislación vixente. Polo que respecta ás operacións reembolsables, tendo en conta a novidade deste instrumento tal e como se define na Lei 36/2010, do 22 de outubro, prevese a elaboración dun código de financiamento responsable e unha metodoloxía de xestión, orientados á promoción do desenvolvemento sustentable e a loita contra a pobreza nos países destinatarios.

O capítulo III define os órganos de xestión do Fondo: a Oficina do FONPRODE, o Comité Executivo e o Instituto de Crédito Oficial, incluíndo unha previsión de colaboración con medios propios da Administración xeral do Estado. Neste esquema cumpre un papel esencial o Comité Executivo do Fondo, encargado de autorizar a elevación das propostas de operacións ao Consello de Ministros.

O capítulo IV regula o procedemento para a aprobación das operacións, desde a identificación e valoración ata a súa formalización e adxudicación. Prevese, neste ámbito, a colaboración da rede de representacións e oficinas técnicas de cooperación de España no exterior.

Finalmente, o capítulo V está dedicado aos mecanismos de seguimento, avaliación e rendición de contas.

Por outro lado, este real decreto procede a realizar as necesarias modificacións no Estatuto da AECID para dar cabida nel á Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, de acordo co previsto na disposición adicional primeira de citada Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Neste sentido, a disposición adicional primeira do real decreto reforma o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, e, pola súa parte, as disposicións adicional segunda e transitoria única regulan a supresión de órganos directivos e o réxime das unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a departamento, respectivamente.

Este real decreto foi sometido a informe da Comisión Delegada do Goberno para a Cooperación ao Desenvolvemento e do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.

O fundamento legal deste real decreto áchase nas habilitacións para o desenvolvemento regulamentario contidas nos artigos 2, 4, 8, 9 e na disposición adicional primeira, así como na xa citada disposición derradeira quinta da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Política Territorial e Administración Pública, e de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 17 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Apróbase o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. Modificación do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro.

1. O artigo 6 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Instrumentos.*

A Axencia poderá desenvolver as funcións anteriores a través das modalidades e instrumentos de cooperación incluídos no Plan Director da Cooperación Española en vigor ou na normativa vixente, incluíndo a formulación, execución e financiamento de programas e proxectos de cooperación, programas de bolsas e lectorados,

asistencia técnica a institucións dos países socios, axuda orzamentaria e enfoques sectoriais, contribucións a organismos internacionais de desenvolvemento, así como a fondos multilaterais e multidoadores e a programas de organismos internacionais de desenvolvemento, a acción humanitaria, subvencións a Estados, subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e a outros axentes e entidades promotores da cooperación, execución e apoio ás actuacións relacionadas coa sensibilización social e educación para o desenvolvemento. Igualmente poderá desenvolver actuacións de cooperación financeira, incluíndo microfinanzas, de acordo co establecido na normativa vixente.»

2. A alínea c) do artigo 11.2 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda redactado da seguinte maneira:

«c) Exercer a superior dirección da Oficina de Acción Humanitaria e da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.»

3. O artigo 17.2 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o desenvolvemento queda redactado como segue:

«2. Baixo a dependencia xerárquica do director da Axencia existirán en España:

A Dirección de Cooperación para América Latina e o Caribe;
A Dirección de Cooperación para África, Asia e Europa Oriental;
A Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD;
A Dirección de Relacións Culturais e Científicas;
A Secretaría Xeral.

As súas funcións, referidas nos seus respectivos ámbitos territoriais, sectoriais ou funcionais ás que establece o capítulo II do presente estatuto para a Axencia, son as seguintes:

a) Corresponde á Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países de América Latina e o Caribe, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

A persoa titular da Dirección dirixirá e coordinará dous departamentos: o de cooperación con Centroamérica, México e o Caribe e o de cooperación cos países andinos e o Cono Sur.

b) Corresponde á Dirección de Cooperación con África, Asia e Europa Oriental fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países de África, Asia e Europa Oriental, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

A persoa titular da Dirección dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación con África subsahariana, o de cooperación co Mediterráneo e Mundo Árabe e o de cooperación con Asia e Europa Oriental.

c) Corresponde á Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento no ámbito sectorial e asegurar a concertación das políticas de desenvolvemento sectoriais con outras axencias de desenvolvemento, en coordinación estreita cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, así como representar a AECID nas relacións que sobre a materia se establezan cos distintos departamentos ministeriais.

Esta Dirección xestionará, executará e administrará o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento creado pola disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, realizando as funcións establecidas regulamentariamente.

No exercicio das súas funcións, o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento actuará en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e cos distintos departamentos con competencias no ámbito da política de cooperación internacional para o desenvolvemento, con respecto ao establecido na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

A persoa titular da Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación sectorial e de xénero; o de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) e o do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

d) Corresponde á Dirección de Relacións Culturais e Científicas fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación cultural para o desenvolvemento; a xestión dos servizos culturais da AECID; a cooperación no ámbito da capacitación de capital humano; a cooperación universitaria e científica ao desenvolvemento; as relacións e convenios internacionais no ámbito cultural e científico; e as competencias atribuídas ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

A persoa titular da Dirección dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación e promoción cultural, o de cooperación universitaria e científica e o de coordinación de relacións culturais e científicas.

e) Corresponde á Secretaría Xeral o desempeño das funcións relativas á xestión e administración dos recursos humanos, incluída a formación destes, a xestión dos medios económico-financeiros, informáticos, loxísticos e materiais, así como a contratación, organización e produción normativa, asesoramento, calidade, inspección, arquivo e rexistro, en estreita coordinación coas unidades competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co fin de prestar o apoio necesario aos órganos e unidades da Axencia para o cumprimento das súas funcións.

A persoa titular da Secretaría Xeral dirixirá e coordinará tres departamentos: o de recursos humanos, conciliación e servizos xerais; o de xestión económica, financeira e orzamentaria e o de sistemas e tecnoloxías da información.»

4. Introdúcese un novo número 3 bis no artigo 17 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento coa seguinte redacción:

«3 bis. A Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, con rango de dirección, á que corresponde a administración do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento nos termos establecidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, e na súa normativa de desenvolvemento, estará baixo a dependencia xerárquica da Dirección da Axencia e baixo a dirección estratéxica da Presidencia. A persoa titular da xefatura da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento coordinará o departamento de cooperación multilateral e a unidade de cooperación financeira.»

5. O artigo 17.8 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda redactado como segue:

«8. A persoa titular da Dirección da Axencia poderá delegar nos titulares das direccións de cooperación xeográfica, sectorial, de xénero e ONGD, relacións culturais e científicas, Secretaría Xeral, xefatura da Oficina de Acción Humanitaria e

xefatura da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, a dirección, coordinación e interlocución da estrutura de centros no exterior. Neste caso, por delegación, a relación entre a sede central da AECID e as oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais levarana a cabo os mencionados directores/as e os xefes das Oficinas de Acción Humanitaria e do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, os cales poderán enviar no exercicio das súas funcións nos seus respectivos ámbitos, en nome da Dirección da Axencia, comunicacións e instrucións formais dirixidas aos coordinadores das OTC e aos directores de centros de formación e culturais.»

6. A alínea a) do artigo 38.1 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda redactado da seguinte maneira.

«a) En España, a persoa titular da Dirección de Cooperación para América Latina e o Caribe e os responsables dos seus dous departamentos; a persoa titular da Dirección de Cooperación para África, Asia e Europa Oriental e os responsables dos seus tres departamentos; a persoa titular da Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD e os responsables dos seus tres departamentos; a persoa titular da Dirección de Relacións Culturais e Científicas e os responsables dos seus tres departamentos; o xefe da Oficina de Acción Humanitaria e o responsable do departamento de emerxencia e posconflicto; o xefe da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento e o responsable do departamento de cooperación multilateral; a persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia e os responsables dos seus tres departamentos e a persoa titular da Dirección do gabinete técnico do director da Axencia.

Os postos directivos correspondentes aos directores/as xeográficos, director/a de relacións culturais e científicas e secretario/a xeral serán cubertos por funcionarios de carreira. Os postos correspondentes ao director/a de cooperación sectorial, de xénero e ONGD e aos xefes da Oficina de Acción Humanitaria e da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento serán cubertos en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección entre titulados superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, e mediante un procedemento que garanta o mérito, a capacidade e a publicidade.

Os postos directivos correspondentes aos seguintes departamentos serán cubertos por funcionarios de carreira: os departamentos das direccións xeográficas na súa totalidade; os departamentos da Secretaría Xeral na súa totalidade; os departamentos de cooperación universitaria e científica e coordinación de relacións culturais e científicas; o departamento de cooperación de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e o departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento. Tamén será cuberto por funcionario público o posto da Dirección do gabinete do director da Axencia.

Serán cubertos en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección entre titulados universitarios superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, e mediante procedemento que garanta o mérito, a capacidade e a publicidade, os postos directivos dos seguintes departamentos: emerxencia e posconflicto; cooperación sectorial e de xénero; cooperación multilateral e cooperación e promoción cultural.»

7. O artigo 38.2 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda redactado como segue:

«2. Formarán parte do Equipo Directivo da AECID as persoas titulares da Dirección da Axencia; a Dirección de Cooperación para América Latina e o Caribe; a Dirección de Cooperación para África, Asia e Europa Oriental; a Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD; a Dirección de Relacións Culturais e Científicas; a Secretaría Xeral da Axencia; a xefatura da Oficina de Acción Humanitaria e a xefatura da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.»

Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos directivos.*

Queda suprimida a Dirección de Cooperación Sectorial e Multilateral. As referencias do ordenamento xurídico á dita dirección entenderanse realizadas á Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a departamento.*

As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a departamento que resulten afectados polas modificacións orgánicas establecidas neste real decreto continuarán subsistindo. Serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas ás ditas modificacións e se produza a efectiva distribución dos créditos orzamentarios.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para, logo de cumprir os trámites oportunos, ditar cantas normas e medidas sexan necesarias no desenvolvemento e a aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

REGULAMENTO DO FONDO PARA A PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO (FONPRODE)

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Finalidade e natureza do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

1. O Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en adiante, FONPRODE) é un instrumento de cooperación ao desenvolvemento, xestionado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2. O FONPRODE ten como finalidade a erradicación da pobreza, a redución das desigualdades e inequidades sociais entre persoas e comunidades, a igualdade de xénero, a defensa dos dereitos humanos e a promoción do desenvolvemento humano e sustentable nos países empobrecidos.

3. O FONPRODE é un fondo carente de personalidade xurídica aos que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 2. *Principios de actuación.*

1. O conxunto de iniciativas con cargo ao FONPRODE respectarán os obxectivos, directrices e indicacións previstos na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, a Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, o Plan Director da Cooperación Española e o Plan Anual de Cooperación Internacional vixentes en cada momento e demais documentos de planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Igualmente, serán coherentes coa axenda internacional en materia de desenvolvemento, especialmente cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, e a loita contra a pobreza e a discriminación por razóns de xénero ou orientación sexual, relixión, etnia, idade, discapacidade ou calquera outra forma de exclusión social. No caso da financiamento reembolsable, as condicións financeiras e, de ser o caso, garantías estableceranse en coherencia co establecido na Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa.

2. Desde o punto de vista orgánico, a coordinación e coherencia da actividade da Administración xeral do Estado en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, no conxunto de iniciativas con cargo ao FONPRODE, quedarán aseguradas mediante o uso reforzado dos mecanismos e órganos previstos para tal efecto pola Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, así como a través do Comité Executivo do FONPRODE previsto no artigo 8 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, e no artigo 16 do presente regulamento.

CAPÍTULO II

Liñas de actuación e operacións financiáveis con cargo ao FONPRODE

Artigo 3. *Operacións financiáveis.*

1. Poderán financiarse con cargo ao FONPRODE, con carácter non ligado, as operacións recollidas nos artigos 5 a 10 do presente regulamento.

2. Igualmente, poderán financiarse asistencia técnicas, estudos de viabilidade e avaliacións *ex ante* e *ex post* dos programas, así como da execución anual do Fondo en termos de garantir a súa sustentabilidade financeira, económica, social e ambiental, valorando a súa contribución aos obxectivos de desenvolvemento e promoción dos

dereitos humanos. O resultado das ditas asistencias técnicas e consultorías deberá ser público e accesible, de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 4. Operacións non financiáveis e limitacións.

1. Non se poderán imputar ao FONPRODE gastos derivados da adquisición de equipamento ou subministración de equipamentos militares, policiais ou susceptibles de dobre uso para exércitos, forzas policiais ou de seguridade, ou servizos antiterroristas.

2. Non se poderán conceder os créditos, préstamos e liñas de financiamento a que se refire o artigo 8 deste regulamento aos Estados nin ao sector público de países cualificados como países menos adiantados, para o financiamento de servizos sociais básicos.

3. Non se poderán conceder os créditos, préstamos e liñas de financiamento recollidos no artigo 8 aos Estados nin ao sector público de países pobres que estean altamente endebedados. Entenderase que un país está nesta situación se, no momento en que a Oficina do FONPRODE elabore a análise prevista no artigo 22, a última análise de sustentabilidade da débeda efectuada para o dito país polo Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial indica que a súa situación é de risco alto ou moi alto de que se produza o non pagamento da súa débeda externa.

Os Estados e o sector público de países que tiveren acadado o punto de culminación da Iniciativa a favor dos Países Pobres Altamente Endebedados (HIPC, na súa sigla en inglés) só excepcionalmente poderán ser beneficiarios dos créditos, préstamos e liñas de financiamento a que se refire o artigo 8 cando o autorice expresamente o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e contando coa análise previa da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que efectuará unha valoración sobre o impacto do crédito na débeda do país receptor e o correspondente estudo de sustentabilidade da débeda realizado polas institucións financeiras internacionais.

Artigo 5. Actuacións con carácter de doazón a Estados e ao sector público estatal de países en vías de desenvolvemento.

1. Con cargo ao FONPRODE poderanse financiar proxectos e programas, estratexias e modalidades de axuda programática con carácter de doazón.

2. As actuacións a que alude o número anterior deberán estar encadradas nos sectores prioritarios definidos nos correspondentes plans directores da Cooperación Española para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento acordados na axenda internacional e, en particular, dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

3. Poderán ser beneficiarios destas actuacións os Estados e o sector público estatal de países en vías de desenvolvemento que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser cualificados polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) como países menos adiantados, de renda baixa ou de renda media e media-baixa.

b) Estar incluídos nas prioridades xeográficas establecidas polos correspondentes plans directores da Cooperación Española e plans anuais de Cooperación Internacional.

Artigo 6. Operacións con organismos multilaterais de desenvolvemento non financeiros.

Con cargo ao FONPRODE poderanse financiar contribucións voluntarias e achegas a organismos multilaterais de desenvolvemento non financeiros, incluídos programas e fondos fiduciarios de desenvolvemento constituídos ou por constituír nos ditos organismos, que computen como axuda oficial ao desenvolvemento.

Artigo 7. Operacións con institucións financeiras internacionais de desenvolvemento.

Poderán financiarse con cargo ao FONPRODE as seguintes operacións con institucións financeiras internacionais de desenvolvemento:

a) Achegas a fondos constituídos en institucións financeiras internacionais de desenvolvemento destinados á satisfacción das necesidades sociais básicas en países en desenvolvemento, nas áreas de saúde, educación, acceso á auga potable e saneamento, xénero, agricultura, desenvolvemento rural, seguridade alimentaria, sustentabilidade ambiental e cambio climático.

b) Achegas a programas e fondos para a avaliación do impacto nos sectores sinalados na alínea anterior.

c) Achegas a fondos multidoadores xestionados ou administrados por institucións financeiras internacionais e destinados a países concretos en situacións de posconflicto ou fráxiles.

Artigo 8. *Créditos, préstamos e liñas de financiamento.*

1. Con cargo ao FONPRODE poderanse conceder créditos, préstamos e liñas de financiamento en termos concesionais con carácter non ligado dirixidas ao desenvolvemento do tecido social e produtivo dos países cualificados polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE como países menos adiantados, de renda baixa ou de renda media.

2. Poderán ser beneficiarios dos créditos, préstamos e liñas de financiamento que se financien con cargo ao FONPRODE:

a) os Estados de países que, estando cualificados polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE nalguna das categorías descritas no número 1 deste artigo, se encontren dentro das prioridades xeográficas establecidas polos correspondentes plans directores da Cooperación Española e os plans anuais de Cooperación Internacional.

b) As administracións públicas rexionais, provinciais e locais, e entidades do sector público dos países descritos na alínea anterior.

3. As condicións financeiras e as garantías destas operacións axustaranse ao establecido nos artigos 21 e 22.

Artigo 9. *Actuacións de microfinanzas.*

Con cargo ao FONPRODE poderanse financiar as seguintes actuacións de microfinanzas, para a mellora de vida dos colectivos vulnerables e a execución de proxectos de desenvolvemento social básico:

1. Aprobación de liñas de financiamento dirixidas á concesión de microcréditos e créditos rotatorios.

2. Adquisicións de participacións directas ou indirectas de capital ou cuasi capital en entidades ou vehículos de investimento financeiro, dirixidos ao fomento de actividades microfinanceiras.

Artigo 10. *Adquisicións de capital ou cuasi capital en institucións financeiras e vehículos de investimento.*

Con cargo ao FONPRODE poderanse realizar adquisicións de participacións directas ou indirectas de capital ou cuasi capital en institucións financeiras ou vehículos de investimento financeiro, tales como fondos de fondos, fondos de capital risco, fondos de capital privado ou fondos de capital semente, dirixidas ao desenvolvemento do tecido produtivo dos países cualificados polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE como países menos adiantados, de renda baixa ou de renda media ou ao apoio, directo ou indirecto, a pequenas e medianas empresas de capital de orixe dos países anteriormente mencionados.

As institucións financeiras ou vehículos de investimento financeiro mencionados no parágrafo anterior deberán ter entre os potenciais destinatarios dos seus investimentos proxectos ou empresas en países ou áreas xeográficas incluídos nas prioridades

xeográficas establecidas nos correspondentes plans directores da Cooperación Española e plans anuais de Cooperación Internacional.

Nestes casos, as condicións financeiras axustaranse ao establecido nos artigos 21 e 22.

Artigo 11. *Liñas estratéxicas e principios reitores das operacións reembolsables financiadas con cargo ao FONPRODE.*

1. Para garantir a contribución das operacións previstas nos artigos 8, 9 e 10, así como nos artigos 6 e 7 no caso de que sexan reembolsables, á promoción do desenvolvemento sustentable, a equidade de xénero e a loita contra a pobreza dos países socios, nos termos definidos polo plan director e os documentos de planificación da Cooperación Española vixentes, a Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento guiarase polos estándares recoñecidos e aceptados internacionalmente, mentres estean vixentes.

Estes estándares internacionais e criterios valorativos que se vaian adoptar aluden ao efecto das operacións nos catro ámbitos seguintes: ambiente (principios de precaución e prevención ambiental, avaliación do impacto ambiental e sistema de xestión ambiental), dereitos humanos e laborais (seguridade e hixiene no traballo, salario digno, igualdade de oportunidades e non discriminación), relacións coa comunidade e desenvolvemento (avaliación e xestión de impactos na comunidade, pagamento de impostos, paraísos fiscais, creación de emprego, contratación local, proporción de directivos locais, acción social, xeración de riqueza e ingresos, compras a provedores locais) e medidas contra a corrupción e o suborno (compromiso contra a corrupción e pola transparencia).

Estes estándares inclúen, aínda que non se limitan a eles:

a) As políticas de salvagarda do Banco Mundial e a política e normas de desempeño revisadas da Corporación Financeira Internacional (CFI). Estas normas inclúen cuestións transversais referidas ao cambio climático, a conservación da biodiversidade e os recursos naturais, a participación das comunidades, a protección dos dereitos humanos e a equidade de xénero.

b) As normas fundamentais de traballo da Organización Internacional do Traballo (OIT).

c) As directrices da OCDE para empresas multinacionais, como estándar fundamental para a prevención da corrupción e o branqueo de capital.

d) Os Principios das Nacións Unidas de Investimento Responsable (PRI) e o traballo do representante especial do secretario xeral de Nacións Unidas sobre a cuestión de dereitos humanos e empresas trasnacionais e outras empresas comerciais.

2. Co mesmo propósito, a Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento:

a) Preparará e elevará ao Comité Executivo do FONPRODE para a súa aprobación, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste regulamento, un código de financiamento responsable, no cal se adoptarán os principios xerais que debe cumprir cada operación, así como as convencións e estándares mencionados anteriormente que necesariamente deberán ser recollidos neste tipo de operacións. Así mesmo, a Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento poderá propor ao Comité Executivo modificacións ou actualizacións do código de financiamento responsable.

b) Proporá ao Comité Executivo do FONPRODE a adopción dunha metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento específica en materia de cooperación reembolsable. Esta metodoloxía permitirá definir unha serie de indicadores de desenvolvemento, destinados a valorar o impacto das operacións no desenvolvemento.

Artigo 12. *Información sobre as actuacións de cooperación reembolsable.*

Sen prexuízo da presenza no Comité Executivo do FONPRODE dun representante da Secretaría de Estado de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio,

a Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento informará anualmente a Dirección Xeral de Comercio e Investimentos da Secretaría de Estado de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como departamento competente en materia de apoio á internacionalización da empresa española, sobre as operacións recollidas nos artigos 8, 9 e 10 do presente regulamento.

CAPÍTULO III

Órganos de xestión do FONPRODE

Artigo 13. *Xestión do FONPRODE.*

A xestión do FONPRODE, incluído o estudo, a planificación, a negociación e o seguimento das operacións con cargo a el, é competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, sen prexuízo das competencias que a Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, lles atribúe a outros órganos e departamentos ministeriais.

Artigo 14. *A Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

1. A Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en adiante, Oficina do FONPRODE), encadrada na Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, con rango de dirección, baixo a dirección estratéxica da súa Presidencia, é a encargada de administrar o FONPRODE.

2. Corresponden á Oficina do FONPRODE as seguintes funcións:

a) En coordinación cos distintos órganos e unidades da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, planificar, identificar e negociar as operacións susceptibles de recibir financiamento do FONPRODE de acordo cos criterios establecidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento. No caso das achegas a que se refire o artigo 7 deste regulamento, a identificación levarase a cabo conxuntamente coa Dirección Xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda. Para maximizar o impacto no desenvolvemento, a negociación destas operacións levarase a cabo tendo en conta a coherencia coa estratexia de España na institución correspondente.

b) Preparar e elevar ao Comité Executivo do FONPRODE para a súa aprobación o código de financiamento responsable previsto no artigo 11.2 deste regulamento, así como propor ao citado Comité a adopción da metodoloxía a que se refire o mesmo artigo.

c) Coordinar e preparar a programación operativa do FONPRODE, en coherencia cos documentos de planificación da Cooperación Española, entre eles o plan director, as estratexias sectoriais e os marcos de asociación-país vixentes.

d) Levar a cabo as valoracións e análises a que se refiren os artigos 19 e 22 deste regulamento.

e) Presentar as propostas de financiamento con cargo ao FONPRODE para o seu estudo polo Comité Executivo do FONPRODE.

f) Coordinar co Instituto de Crédito Oficial a elaboración dos convenios que se subscriban cos beneficiarios a que se refire o artigo 24.1 deste regulamento.

g) Preparar, en coordinación coa representación de España ante as institucións, os acordos que se subscriban con organismos internacionais a que fan referencia os artigos 24.2 e 24.3 deste regulamento.

h) Elaborar, en coordinación co Instituto de Crédito Oficial, calquera acordo non financeiro distinto dos previstos nas alíneas f) e g) deste número, en que se regule o destino de financiamento do FONPRODE.

i) Levar a cabo o seguimento do FONPRODE, nos termos establecidos no artigo 28 deste regulamento.

j) Facilitar á Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a información necesaria para levar a cabo a avaliación do FONPRODE, nos termos establecidos no artigo 29 deste regulamento.

k) Elaborar, conxuntamente coa Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento, o informe anual que o Goberno deberá remitir ao Congreso e ao Senado, ao que se refire o artigo 30 deste regulamento.

l) Apoiar na xestión orzamentaria do FONPRODE, en coordinación coa Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, sen prexuízo das competencias que correspondan ao Instituto de Crédito Oficial.

m) Calquera outra función relacionada co FONPRODE, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos ou departamentos ministeriais.

Artigo 15. Encomendas de xestión a medios propios da Administración e asistencias técnicas.

A Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento poderán solicitar asistencia técnica para calquera tarefa que consideren oportuna en prol de mellorar a xestión do FONPRODE.

Para tal fin, poderán levar a cabo encomendas de xestión a entidades do sector público que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración, subscribir convenios con outras entidades do sector público especializadas en actividades que poidan ser relevantes para a actividade do FONPRODE, contratos e calquera outra actuación prevista na lexislación vixente.

O financiamento destas actuacións poderase realizar con cargo ao FONPRODE, en virtude do establecido no artigo 2.1.c) da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Artigo 16. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

1. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en adiante, Comité Executivo do FONPRODE, Comité Executivo ou Comité) é un órgano adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

2. Son funcións do Comité Executivo do FONPRODE as seguintes:

a) Aprobar os documentos recollidos no artigo 11.2 deste regulamento e as modificacións a eles, todos eles propostos pola Oficina do FONPRODE.

b) Estudar e valorar as propostas de financiamento con cargo ao FONPRODE que lle sexan presentadas pola Oficina do FONPRODE.

c) Propor a elevación das operacións, a través da persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para a súa autorización polo Consello de Ministros.

d) Valorar aquelas operacións de financiamento de carácter reembolsable nas que figuren como prestatarios o Estado ou o sector público de países que acadasen o punto de culminación no marco da iniciativa HIPC previamente á súa elevación, polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

e) Estudar e valorar a programación operativa do FONPRODE a que se refire o artigo 8.3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

f) Analizar as distintas avaliacións e ditames sobre a actuación do FONPRODE que emitan os correspondentes órganos consultivos e de control da Cooperación Española, así como os resultados das avaliacións realizadas en virtude do establecido no artigo 29 deste regulamento.

g) Analizar as operacións de renegociación e condonación dos activos do FONPRODE, por proposta do ministerio competente en materia de débeda externa, para a súa eventual aprobación por Consello de Ministros.

- h) Revisar anualmente a carteira do FONPRODE.
- i) Examinar e, de ser o caso, aprobar as contas anuais do FONPRODE, elaboradas polo Instituto de Crédito Oficial e auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. O Comité Executivo do FONPRODE terá a seguinte composición:

a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, que poderá ser substituída polo vicepresidente primeiro en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

b) Vicepresidencia primeira: a persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

c) Vicepresidencia segunda: a persoa titular da Dirección Xeral de Política Exterior, Europa e Seguridade do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

d) Vogais, todos eles con voz e voto:

1.º A persoa titular da Xefatura da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, quen ademais terá a condición de secretario.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3.º As persoas titulares de tres direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, designadas pola persoa titular da Presidencia da Axencia.

4.º A persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Económicas Internacionais e Asuntos Enerxéticos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

5.º A persoa titular da Dirección do Gabinete da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

6.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Gabinete da Presidencia do Goberno designado polo seu director.

7.º Dous representantes, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Economía e Facenda designados polo seu titular.

8.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Educación, designado polo seu titular.

9.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, designado polo seu titular.

10.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, designado polo seu titular.

11.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, designado polo seu titular.

12.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Ciencia e Innovación, designado polo seu titular.

13.º Un representante, con rango mínimo de subdirector, do Instituto de Crédito Oficial, designado polo citado Instituto de acordo cos seus procedementos internos.

4. Todos os membros do Comité Executivo poderán designar suplentes con rango de subdirector xeral ou asimilado. A substitución outorgarase por escrito para cada reunión, e deberá acreditarse ante o secretario do Comité Executivo ao comezo de cada unha das reunións en que deba producir efecto.

5. A persoa titular da Presidencia poderá invitar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, a representantes doutros departamentos ministeriais e entidades do sector público, así como a persoas expertas, se o considera conveniente en función dos asuntos incluídos na orde do día.

6. O Comité Executivo reunirse en sesión ordinaria, cando menos, unha vez por trimestre e en extraordinaria todas as veces que sexan necesarias.

7. O Comité Executivo poderá someter a debate cuestións e propor a elevación de operacións a través da persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

para a súa autorización polo Consello de Ministros ou, nos casos previstos na alínea d) do número 2 deste artigo, para a súa análise pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de forma non presencial por medios electrónicos. Para que o Comité Executivo quede constituído de forma non presencial, será necesario que os membros do Comité deixen constancia, de maneira expresa, da súa participación na reunión non presencial do Comité. As operacións presentadas por vez primeira nunha reunión non presencial do Comité non poderán superar os cinco millóns de euros.

Cando o Comité Executivo se reúna de forma non presencial por medios electrónicos, observarse o previsto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

8. O Comité Executivo poderá constituír no seu seo os grupos de traballo que se consideren convenientes para o bo desenvolvemento das súas actividades.

9. En todo o non previsto neste real decreto, o Comité Executivo rexerese polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Artigo 17. *O Instituto de Crédito Oficial.*

O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español, e por conta do Estado, os correspondentes convenios que se pretendan subscribir cos beneficiarios, a excepción dos acordos con organismos multilaterais, segundo se establece no artigo 24 deste regulamento.

Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, control e, en xeral, todos os de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao FONPRODE, sen prexuízo das competencias que en materia de control establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa legal vixente.

No exercicio das súas funcións como axente financeiro, o Instituto de Crédito Oficial realizará o seguimento e control dos cobramentos e das posibles incidencias neles, así como, de ser o caso, a reclamación das cantidades impagadas.

O Instituto de Crédito Oficial poderá asinar acordos bilaterais de renegociación e condonación dos activos do FONPRODE, seguindo as instrucións do ministerio competente en materia de débeda externa, en aplicación dos acordos do Consello de Ministros ao respecto.

Anualmente, con cargo ao FONPRODE, con autorización previa, mediante acordo, do Consello de Ministros, compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución das súas funcións en relación co FONPRODE.

CAPÍTULO IV

Procedemento de aprobación de operacións

Sección 1.^a Identificación e valoración das operacións

Artigo 18. *Identificación de operacións.*

1. A proposta de operacións que se pretenda identificar será levada a cabo pola Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento a través dos seus diferentes órganos e unidades, tanto en sede como en terreo, con excepción das previstas no artigo 7 deste regulamento, que serán identificadas conxuntamente co Ministerio de Economía e Facenda, en coordinación coa representación permanente ante a Institución para garantir a coherencia da actuación de España nestas institucións.

2. De acordo co establecido no artigo 5.1 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, para que unha acción sexa elixible deberá inserirse nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Serán preferentes aquelas

accións que respondan aos obxectivos e prioridades sectoriais e xeográficas establecidas na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, os correspondentes plans directores e demais documentos de planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Ademais, no caso das operacións recollidas nos artigos 5, 8, 9 e 10, serán accións financiáveis aquelas elixibles que, ademais, sexan priorizadas polos beneficiarios.

Así mesmo, na identificación respectará o catálogo de accións elixibles e preferentes a financiar con cargo ao FONPRODE previsto no artigo 6 da citada Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

3. A Oficina do FONPRODE ordenará o proceso de identificación de operacións. Os distintos órganos e unidades da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento emitirán informe sobre o dito proceso no ámbito das súas competencias, analizando a coherencia das operacións cos obxectivos da política de desenvolvemento e dos documentos de planificación desta.

4. En virtude do artigo 2.1.c) da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, a Oficina do FONPRODE poderá encargarse con cargo ao FONPRODE, por propia iniciativa ou por proposta doutros órganos e unidades da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional ou da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, a realización de asistencias técnicas e estudos de viabilidade co propósito de identificar operacións susceptibles de ser financiadas con cargo ao FONPRODE.

Artigo 19. *Valoración previa de impacto en desenvolvemento.*

1. As operacións a que se refiren os artigos 5, 8, 9, e 10 deste regulamento irán acompañadas dunha valoración *ex ante* de impacto en desenvolvemento, elaborada pola Oficina do FONPRODE, con carácter previo á súa remisión ao Comité Executivo.

A valoración *ex ante* do impacto en desenvolvemento realizarase con base en catro elementos, segundo corresponda; a adicionalidade que achega a Cooperación Española á operación, o desempeño social, de xénero e ambiental, a achega da operación ao cumprimento dos obxectivos da Cooperación Española e a viabilidade financeira.

Para analizar a adicionalidade que achega a Cooperación Española á operación, valorarase se o impacto en desenvolvemento da operación sería similar no caso de que a Cooperación Española non participase nela.

Para a análise do desempeño social, de xénero e ambiental, valorarase as prácticas de negocio e clasifícase a operación de acordo cos estándares internacionalmente adoptados para a categorización de riscos sociais e ambientais. Cando se considere que as operacións poderían comportar externalidades sociais, de xénero ou ambientais negativas levarase a cabo un estudo de impacto.

Para valorar a contribución da operación á consecución dos obxectivos estratéxicos da Cooperación Española, analizarase a coherencia cos obxectivos marcados polo Plan Director vixente, así como cos documentos técnicos e de programación aprobados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento que resulten aplicables.

A viabilidade financeira da operación requirirá a identificación e tratamento adecuado dos distintos riscos. Tendo en conta o país de destino e o tipo de operación, analizarase se a proposta cumpre os criterios de:

a) Diversificación de riscos, tanto desde a óptica do proxecto ou proxectos que se pretendan financiar como pola súa contribución ao grao de diversificación do conxunto da carteira reembolsable do FONPRODE.

b) Repartición de riscos, mediante a participación doutros provedores de fondos, incluídas institucións financeiras internacionais.

c) Mitigación de riscos, a través de garantías ou outros mecanismos que limiten o risco en que incorre o FONPRODE.

2. Para as operacións a que se refiren os artigos 6 e 7 deste regulamento teranse en conta os informes de avaliación ex ante de impacto en desenvolvemento que elaborasen os propios organismos.

Artigo 20. Elaboración de informes sobre impacto en déficit das operacións.

1. De acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, deberá realizarse un informe sobre impacto no déficit público de todas as actuacións que se pretendan financiar con cargo ao FONPRODE.

2. Os informes mencionados no número anterior, que deberán ser analizados polo Comité Executivo do FONPRODE, segundo se recolle no artigo 23.2 deste regulamento, serán elaborados pola Intervención Xeral da Administración do Estado por solicitude da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional. A Intervención Xeral da Administración do Estado deberá emitir o informe nun prazo de quince días hábiles desde a recepción da mencionada solicitude. No caso de que a Intervención Xeral da Administración do Estado precise de información adicional para a elaboración do seu informe, requiriralla á Secretaría de Estado de Cooperación Internacional no prazo de sete días hábiles desde a recepción da citada solicitude, e suspenderase o prazo de quince días hábiles anteriormente mencionado ata a recepción da información solicitada.

Artigo 21. Condicións financeiras dos créditos e liñas de crédito e das adquisicións de capital ou cuasi capital en institucións financeiras e vehículos de investimento.

As condicións da financiamento reembolsable serán propostas caso a caso pola Oficina do FONPRODE ao Comité Executivo, aténdose en todo caso aos seguintes criterios para evitar o sobre endebedamento dos beneficiarios e impulsar a responsabilidade do debedor:

a) No caso de financiamento a Estados ou sector público, as condicións do financiamento reembolsable deben definirse de forma que se axusten ao elemento mínimo de concesionalidade que as institucións financeiras internacionais recomendan para cada país.

b) O importe do crédito non poderá ascender ao 100% do financiamento dun proxecto.

c) O financiamento debe estar denominado en euros ou en calquera outra moeda admitida a cotización polo Banco Central Europeo.

d) O prazo de devolución e os períodos de carencia que, de ser o caso, se propoñan, deben establecerse de maneira que impulsen a responsabilidade do debedor.

e) O financiamento reembolsable debe presentar garantías suficientes. No caso das liñas de crédito ou préstamos, cando o beneficiario sexa un Estado, deberá achegar a garantía soberana ao financiamento, e no caso de administración pública subnacional ou entidades do sector público, as garantías achegadas deben contar cunha non obxección por parte do ministerio responsable do endebedamento no país. Para as operacións dos artigos 9 e 10, as institucións financeiras ou vehículos de investimento deberán contar con capacidade suficiente para valorar e xestionar os riscos asumidos, ademais de subministrar información periódica sobre a situación dos investimentos do FONPRODE.

Artigo 22. Análise de risco e impacto sobre a sustentabilidade da débeda.

1. Con carácter previo ao estudo polo Comité Executivo do FONPRODE das propostas de operacións a que fan referencia os artigos 8, 9 e 10 deste regulamento, así como a recollidas nos artigos 6 e 7 se se trata de operacións reembolsables, deberá realizarse unha análise de risco, que incluírá as condicións financeiras e as garantías e mecanismos de mitigación nos termos previstos no artigo 21. Naquelas operacións en que se requira achega de garantía soberana ou o endebedamento do sector público, a dita análise terá en conta, ademais, o impacto sobre a sustentabilidade da débeda no país receptor, o aliñamento coas estratexias de desenvolvemento e políticas de endebedamento

deseñadas polo país e as recomendacións para a prevención do sobreendebedamento emitidas polas institucións financeiras internacionais. No caso das operacións dos artigos 6 e 7, se son reembolsables, e 8, 9 e 10, a repartición do risco, tanto coa institución financeira internacional, de ser o caso, como con outros provedores de financiamento, deberá facerse de forma suficientemente equilibrada.

2. Estas análises serán elaboradas pola Oficina do FONPRODE e serán remitidas ao órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda para que, no prazo de dez días hábiles desde a súa recepción, leve a cabo unha valoración deles. No caso de o dito órgano requirir maior información para poder emitir a súa valoración, solicitaráa á Oficina do FONPRODE no prazo de cinco días hábiles desde a recepción do informe, suspendéndose o prazo de dez días anteriormente mencionado ata que a información solicitada sexa trasladada ao órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda.

Sección 2.ª Aprobación das operacións

Artigo 23. Estudo das operacións polo Comité Executivo do FONPRODE.

1. O secretario do Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento remitirá a información relativa ás operacións propostas cunha antelación mínima de sete días hábiles.

2. Entre a información a que se refire o número anterior encontraranse as análises e estudos descritos nos artigos 19, 20 e 22 deste regulamento.

3. Sen prexuízo do establecido no número seguinte, o Comité Executivo discutirá cada unha das operacións e, de ser o caso, acordará propor a súa elevación, a través da persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para a súa autorización por parte do Consello de Ministros.

Así mesmo, o Comité poderá devolver a proposta á Oficina do FONPRODE, no caso de que se entenda necesaria máis información. Neste último caso, a proposta poderase presentar novamente ante o Comité, coa nova información e argumentos que dean resposta ao formulado no Comité, pero non será necesario remitir de novo os informes a que se refire o número anterior que xa se tiveren distribuído.

No caso de que a obtención de maior información a que se refire o parágrafo anterior requira a realización de estudos técnicos, estes poderán financiarse con cargo ao FONPRODE, de acordo co previsto no artigo 3.2 do presente regulamento.

4. Polo que se refire ás asistencias técnicas, estudos técnicos, encomendas de xestión, convenios, estudos de viabilidade e avaliacións referidas no número anterior e nos artigos 3.2, 15, 18.3 e 29 deste regulamento, a Oficina do FONPRODE poderá propor ao Comité para o seu estudo e, de ser o caso, elevación para autorización por parte do Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, liñas de financiamento con cargo ao FONPRODE destinadas ao financiamento deste tipo de actuacións.

5. De cada reunión levantarase unha acta, que formará parte dos expedientes que se remitan para a autorización das operacións por parte do Consello de Ministros.

Sección 3.ª Formalización e adxudicación das operacións

Artigo 24. Subscrición dos convenios e acordos de financiamento cos beneficiarios.

1. O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, os correspondentes convenios que se pretendan subscribir cos beneficiarios, a excepción do previsto nos números 2 e 3 deste artigo.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, subscribirá co organismo internacional receptor os acordos que formalicen as achegas previstas no artigo 6 deste regulamento.

3. Os acordos coas institucións financeiras internacionais para a formalización das operacións a que se refire o artigo 7 deste regulamento serán subscritos polo gobernador

ou gobernadora por España nas citadas institucións, conxuntamente coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 25. Obrigas relativas ás doazóns bilaterais, créditos, préstamos, liñas de financiamento e microfinanzas.

No caso de que a valoración de impacto en desenvolvemento das operacións recollidas nos artigos 5, 8 e 9 o aconselle, o convenio ou acordo polo que se formalice a operación poderá establecer obrigas para unha ou ambas as partes, co obxecto de garantir un impacto social, de xénero ou ambiental positivo e mitigar o risco de impacto negativo.

Artigo 26. Obrigas relativas ás adquisicións de capital ou cuasi capital en institucións financeiras e vehículos de investimento.

Nestas operacións, a Oficina do FONPRODE deberá asegurar que o intermediario financeiro ten a experiencia requirida e cumpre cos requisitos sociais e ambientais descritos no código de financiamento responsable referido no artigo 11.2, ao tempo que se respecta a responsabilidade delegada, característica deste tipo de investimentos. Para tal fin, os convenios ou acordos de formalización exixirán ao intermediario financeiro:

- a) un sistema de xestión de riscos sociais, de xénero e ambientais, de ser o caso,
- b) a subscrición da lista de exclusión e estándares de desempeño social, de xénero e ambiental internacionalmente aceptadas, e
- c) a aplicación dos estándares sociais e ambientais recollidos no artigo 11.1 deste regulamento.

Artigo 27. Adxudicación de execución de proxectos.

1. En todos os convenios nos que se formalicen as axudas se establecerá igualmente a obriga de que a entidade executora respecte as normas e directrices en materia de dereitos humanos, igualdade de xénero, responsabilidade social corporativa, normas internacionais da Organización Internacional do Traballo ratificadas por España, así como o Convenio para combater a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións económicas internacionais.

2. Os mencionados convenios de financiamento recollerán a posibilidade de que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación anule ou revogue e deixe sen efecto as operacións de concesión de financiamento con cargo ao FONPRODE nas que se produza un incumprimento das condicións previstas neles.

3. Cando as operacións financiadas con cargo ao FONPRODE a que se refiren os artigos 5 e 8 deste regulamento comporten a necesidade de executar un determinado proxecto ou programa a través dunha entidade distinta do beneficiario, a adxudicación será levada a cabo polo beneficiario conforme a normativa local que lle sexa de aplicación.

4. En tales casos, nos convenios en que se formalicen as operacións co beneficiario establecerase a obriga de que nos procedementos de adxudicación a que se refire o número anterior se vele polo cumprimento das convencións internacionais subscritas por España, así como a garantía dos principios de transparencia, competencia e publicidade a través de licitación pública.

5. Igualmente, os convenios de financiamento preverán as consecuencias que se deriven dos incumprimentos das persoas físicas ou xurídicas que resulten adxudicatarias de actuacións financiadas co FONPRODE.

CAPÍTULO V

Seguimento, avaliación e controlArtigo 28. *Seguimento.*

1. A Oficina do FONPRODE levará a cabo o seguimento dos proxectos e operacións financiados con cargo ao FONPRODE. Para tal fin, nos convenios e acordos que se subscriban cos destinatarios dos fondos co fin de formalizar as operacións, estableceranse as obrigas de información que se consideren convenientes para o mellor seguimento delas.

2. O seguimento das operacións comportará, entre outras, as seguintes actuacións:

a) A recepción, estudo, valoración, aprobación e arquivo das programacións operativas, informes intermedios e finais e calquera outra documentación relativa á execución das contribucións con cargo ao FONPRODE.

b) A recepción, estudo, valoración e resolución de calquera solicitude de modificación que non afecte as condicións aprobadas polo Comité Executivo do FONPRODE e o Consello de Ministros. No caso en que as ditas modificacións afecten as condicións aprobadas no Comité Executivo e o Consello de Ministros, elevaranse de novo para a súa toma en consideración.

c) En coordinación coas representacións de España ante os organismos internacionais e outras instancias competentes, a comunicación cos beneficiarios e a preparación e participación nas comisións e comités de seguimento das contribucións, tanto no ámbito bilateral como multilateral.

d) A elaboración dos informes de seguimento e valoración das contribucións, especialmente no relativo ao impacto en desenvolvemento das operacións e a súa adecuación á política de financiamento e doutros instrumentos de planificación da Cooperación Española.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Oficina do FONPRODE manterá informadas e contará co apoio das unidades competentes, en particular, as direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, as embaixadas de España e oficinas técnicas de cooperación, a Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento e a representación de España ante os organismos internacionais de desenvolvemento.

Artigo 29. *Avaliación.*

1. A Oficina do FONPRODE e a Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento definirán, conxuntamente e con carácter bienal, un plan no que se recollan as avaliacións que se vaian realizar durante o dito período. A definición dos termos de referencia de cada avaliación será realizada igualmente de forma conxunta entre os dous órganos citados. Do resultado das avaliacións darase coñecemento ao Comité Executivo do FONPRODE antes de se facer público.

2. O primeiro dos plans de avaliación a que se refire o número anterior definirase pasados dous anos desde a entrada en vigor deste regulamento.

3. A Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento poderá propor ao Comité Executivo a avaliación daquelas operacións que se eleven para autorización do Consello de Ministros cando o considere oportuno.

4. Os custos necesarios para a realización das avaliacións poderán financiarse con cargo ao FONPRODE, en virtude do establecido no artigo 2.1.c) da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Artigo 30. Control parlamentario.

1. O Goberno remitirá un informe anual ao Congreso dos Deputados e ao Senado das operacións imputadas con cargo ao FONPRODE, incluíndo os seus obxectivos, país de destino, sectores de intervención e institucións beneficiarias, así como das condicións de contratación e adxudicación, as contías comprometidas e desembolsadas, os criterios de selección dos diferentes instrumentos, as adxudicacións finalmente aprobadas e as avaliacións realizadas, indicando así mesmo a porcentaxe de axuda oficial ao desenvolvemento reembolsable que corresponda ás operacións executadas no dito exercicio.

2. A persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional comparecerá ante as Comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado para presentar o informe mencionado no número anterior e dar conta da execución do FONPRODE, facendo balance das actuacións daquel e da súa adecuación aos obxectivos do instrumento.

3. Do informe recollido no número 1 deste artigo darase traslado á Comisión Delegada do Goberno para a Cooperación ao Desenvolvemento.

4. O citado informe, así como os ditames das Comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado previstos na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, serán publicados nas páxinas web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Artigo 31. Funcións do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento en relación co FONPRODE.

O Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, como órgano consultivo en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, e sen prexuízo das funcións que lle sexan atribuídas pola normativa que lle sexa de aplicación:

a) Emitirá informe sobre o proxecto de código de financiamento reembolsable previsto no artigo 11.2 con carácter previo á súa aprobación polo Comité Executivo.

b) Valorará, no marco do informe que realice sobre a proposta de plan director da Cooperación Española, e tendo en conta os resultados das avaliacións sobre o FONPRODE, o establecemento do límite porcentual a que se refire o artigo 2.1.e) da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

c) Será consultado durante a elaboración do plan bienal de avaliación previsto no artigo 29.

d) Será informado dos resultados das avaliacións que se leven a cabo sobre o FONPRODE.

e) Recibirá o informe anual mencionado no artigo 30.1 e poderá acordar o seu traslado a outras institucións sociais afectadas.

Artigo 32. Transparencia e información sobre a actividade do FONPRODE.

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento fará públicas a través das súas memorias, da súa páxina web ou de calquera outro medio que considere conveniente, respectando a normativa vixente:

a) O código de financiamento reembolsable previsto no artigo 11.2.

b) As operacións financiadas no ano en curso.

c) Os resultados das avaliacións realizadas sobre o FONPRODE e das asistencias técnicas.

d) O informe anual a que se refire o artigo 30.1 e os ditames sobre el que emitan as Comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado.